

**ESTATUTOS  
DA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL  
-FEGADACE-**

**FEGADACE**

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL }

<b>CAPÍTULO I. DA FEDERACIÓN EN XERAL, DENOMINACIÓN E NATUREZA, DURACIÓN, DOMICILIO E ÁMBITO, FINS E MEDIOS.</b>	3
ARTIGO 1. DENOMINACIÓN e NATUREZA	3
ARTIGO 2. PERSOALIDADE XURÍDICA E CAPACIDADE DE OBRAR	3
ARTIGO 3. DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL	3
ARTIGO 4. DURACIÓN	3
ARTIGO 5. FINS E OBXECTO	4
ARTIGO 6. MEDIOS	4
<b>CAPÍTULO II. DA COMPOSICIÓN DOS SEUS MEMBROS, DOS SEUS DEREITOS E DEBERES</b>	5
ARTIGO 7. COMPOSICIÓN	5
ARTIGO 8. CLASES DOS MEMBROS	5
ARTIGO 9. INCORPORACIÓN DE ENTIDADES SOCIAS E PROCEDEMENTOS DE ADMISIÓN	6
ARTIGO 10. DEBERES DAS ENTIDADES SOCIAS DE NÚMERO	6
ARTIGO 11. DEREITOS DAS ENTIDADES SOCIAS	7
ARTIGO 12. COTAS, NATUREZA E PAGAMENTO	7
ARTIGO 13. PERDA CONDICIÓN DE SOCIA/O	7
<b>CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, DE ADMINISTRACIÓN E ASESORAMENTO</b>	8
ARTIGO 14. ENUMERACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO	8
ARTIGO 15. CARÁCTER E COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA XERAL	8
ARTIGO 16. PARTICIPACIÓN, REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL	8
ARTIGO 17. FUNCIÓNS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA	9
ARTIGO 18. CORRESPONDE Á ASEMBLEA EXTRAORDINARIA	9
ARTIGO 19. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA	9
ARTIGO 20. NOMEAMENTO E CESE DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA	10
ARTIGO 21. RENOVACIÓN DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA	10
ARTIGO 22. REUNIÓN E ADOPCIÓN DE ACORDOS NA XUNTA DIRECTIVA	10
ARTIGO 23. FUNCIÓNS E DEREITOS DA XUNTA DIRECTIVA	10
ARTIGO 24. COMISIÓN PERMANENTE E COMISIÓNS DELEGADAS	11
ARTIGO 25. FUNCIÓNS DA PRESIDENCIA	11
ARTIGO 26. FUNCIÓNS DA VICEPRESIDENCIA	12
ARTIGO 27. FUNCIÓNS DA SECRETARÍA	12
ARTIGO 28. FUNCIÓNS DA TESOURARÍA	12
ARTIGO 29. FUNCIÓNS DAS VOGALÍAS	12
ARTIGO 30. SERVIZOS TÉCNICOS	13
ARTIGO 31. ACTAS	13
ARTIGO 32. SINATURA	13
ARTIGO 33. QUÓRUM E MAIORIAS	13
ARTIGO 34. DÚBIDAS DE APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN	13
<b>CAPÍTULO IV. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO</b>	14
ARTIGO 35. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	14
<b>CAPÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO, CONTABLE E DE DOCUMENTACIÓN</b>	14
ARTIGO 36. RECURSOS ECONÓMICOS PREVISTOS	14
ARTIGO 37. PATRIMONIO FUNDACIONAL E ORZAMENTO	14
ARTIGO 38. OBRIGAS DOCUMENTAIS E CONTABLES	14
<b>CAPÍTULO VI. MECANISMOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS</b>	15
ARTIGO 39. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	15
<b>CAPÍTULO VII. DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN</b>	15
ARTIGO 40. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS	15
ARTIGO 41. DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN	15

Os presentes estatutos e a súa modificación foron aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación, na data de 2 de xullo de 2022, substituíndo os anteriormente inscritos.

## **CAPÍTULO I. DA FEDERACIÓN EN XERAL, DENOMINACIÓN E NATUREZA, DURACIÓN, DOMICILIO E ÁMBITO, FINS E MEDIOS.**

### **ARTIGO 1. DENOMINACIÓN e NATUREZA**

Coa denominación de FEDERACION GALEGA DE DANO CEREBRAL, en acrónimo FEGADACE, constitúese en Santiago de Compostela, o día 12 de xaneiro de 2007, unha entidade integrada por asociacións de persoas con dano cerebral adquirido, e os seus familiares; ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias; con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro. O réxime de organización e funcionamento da Federación determinarase e rexerase polo exposto nos presentes estatutos e regulamento de desenvolvemento dos mesmos.

FEGADACE é unha entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia, cuxo obxectivo principal é desenvolver a acción social, institucional e técnica precisa para acadar a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido (DCA) e das súas familias. É unha organización non governamental, privada, sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional, comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

### **ARTIGO 2. PERSOALIDADE XURÍDICA E CAPACIDADE DE OBRAR**

FEGADACE pode ser titular de dereitos e obrigas e realizar por si mesma calquera acto eficaz xuridicamente. A súa capacidade de obrar é plena e a súa personalidade xurídica completamente distinta da dos seus membros, de acordo co artigos 5.2 e 5.3, sobre "acordo de constitución", da Lei Orgánica 1/2002 reguladora do Dereito de Asociación.

### **ARTIGO 3. DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL**

A Federación establece o seu domicilio social na Rúa Galeras, 17, 2º, Despacho 5, 15705, de Santiago de Compostela, e o seu ámbito territorial de actuación é o territorio da comunidade autónoma de Galicia.

A Xunta Directiva da Federación, como órgano de goberno e xestión da mesma, queda facultada para acordar o cambio de domicilio da asociación dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, dando conta diso á Asemblea Xeral, quen realizará a aprobación correspondente.

### **ARTIGO 4. DURACIÓN**

Esta Federación constitúese por tempo indefinido, agás a súa disolución conforme os presentes estatutos e a legalidade vixente.

## ARTIGO 5. FINS E OBXECTO

A Federación ten como fins os seguintes:

1. A mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e a do seu ámbito social e familiar.
2. A representación e defensa dos dereitos e intereses das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias de Galicia, como consecuencia de traumatismo cranio-encefálico por accidente de tráfico ou outras causas; por ictus ou por calquera outra patoloxía sobrevida que poida orixinar dano cerebral.
3. A organización, deseño e impartición de formacións específicas sobre dano cerebral adquirido.
4. A realización de accións que permitan incrementar o coñecemento do dano cerebral, a súa prevención, detección e atención integral, mediante a sensibilización, información, formación, investigación e divulgación.
5. O fomento ante os poderes públicos e ante as institucións, sexan públicas ou privadas, de actividades de prevención e investigación que se consideren axeitadas para previr ou paliar os efectos do dano cerebral.
6. A promoción do estudo, formación e divulgación dos problemas que afectan ás persoas con dano cerebral adquirido, así como as súas solucións.
7. A representación das asociacións que a integran ante os axentes sociais e institucionais.
8. O apoio na difusión, aplicación, seguimento e vixilancia do cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e do seu Protocolo Facultativo, adoptados pola Asemblea Xeral da ONU en decembro de 2006, e asinados e ratificados polo Reino de España, no ámbito autonómico galego, nas políticas sociosanitarias dirixidas ás persoas con dano cerebral e as súas familias.
9. A promoción das actividades, proxectos e servizos sanitarios, asistenciais, educativos, deportivos, laborais, residenciais e sociais necesarios para cubrir as necesidades das persoas con dano cerebral, tendentes á súa inclusión social, ao seu coidado, asistencia e protección.
10. Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da federación e das súas asociacións membro, que redunden no beneficio das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

Estes obxectivos non son excluíntes das accións que en idéntico sentido poidan levar a cabo as Asociacións membro desta Federación, de acordo cos seus propios Estatutos.

A Federación respectará en todos os casos, a independencia e liberdade de actuación, funcionamento e criterios das Asociacións membro no desenvolvemento das súas actividades e obxectivos, dentro do marco dos Estatutos que lles son propios.

## ARTIGO 6. MEDIOS

Para acadar o cumprimento dos seus fins e obxectivos, a Federación valerá de calquera dos seguintes medios:

1. Execución de actividades de apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral adquirido.
2. Realización de actividades de información, sensibilización, divulgación e investigación sobre dano cerebral adquirido.
3. Desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.
4. Implantación de accións de captación de fondos para programas, proxectos e actividades acordadas cos seus fins.
5. Realización de actividades de representatividade e incidencia política e institucional, comunicación e relación co sector da discapacidade en xeral.

6. A colaboración con calquera persoa física ou entidade pública ou privada para o desenvolvemento conxunto de calquera actividade que estea comprendida dentro dos fins da federación. A tal efecto, poderá establecer alianzas de diferente amplitude e duración con calquera destas entidades.
7. Todos aqueles outros que sexan necesarios e pertinentes para a consecución dos seus fins.

Os medios indicados utilizaranse sempre respectando os seguintes valores:

- **Transparencia, calidade, profesionalidade e mellora continua** dos seus servizos.
- **Solidariedade, unidade e respecto** entre as súas asociacións membro.
- **Funcionamento democrático** interno e **xestión ética** das traballadoras e dos traballadores, a través do fomento da estabilidade laboral, a adopción de medidas de conciliación laboral e familiar, a non discriminación por razón de sexo, raza ou calquera outra característica, e a promoción da cualificación profesional.
- **Familiaridade, participación e respecto** polas persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

## **CAPÍTULO II. DA COMPOSICIÓN DOS SEUS MEMBROS, DOS SEUS DEREITOS E DEBERES**

### **ARTIGO 7. COMPOSICIÓN**

Co dobre propósito de: (a) acadar a maior organización do colectivo de persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias, e (b) de aumentar o alcance e eficacia da súa actividade, a Federación encóntrase aberta á incorporación de outras entidades socias ou membros. Poderán integrarse cantas organizacións de familiares de persoas con dano cerebral adquirido o soliciten, logo da aceptación dos presentes estatutos e sempre que: (i) sexan asociacións que non teñan ánimo de lucro, (ii) teñan como misión a defensa dos dereitos e a mellora da calidade de vida das persoas con DCA e as súas familias, (iii) exerzan a súa actividade na comunidade autónoma de Galicia e, en definitiva, (iv) cumpran todos os requisitos establecidos no artigo 9 destes estatutos e desenvolto no regulamento de réxime interno . O número de membros será ilimitado.

### **ARTIGO 8. CLASES DOS MEMBROS**

A Federación está integrada por socias fundadoras, socias de número e socias/os colaboradoras/es.

- A) As entidades socias fundadoras** serán as entidades non lucrativas de dano cerebral adquirido fundadoras da Federación: ADACECO da Coruña, ADACE -Lugo, Renacer Ourense, Alento de Vigo e Sarela de Santiago de Compostela.
- B) As entidades socias de número (numerarias)** serán as entidades sen ánimo de lucro de dano cerebral adquirido que teñan como obxecto concreto a defensa dos dereitos das persoas con DCA e as súas familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia. Exclúense as fundacións creadas por empresas, clínicas privadas ou similares. Terán a consideración de socias de número tanto as socias fundadoras, como todas aquelas entidades que cumprindo os requisitos establecidos nos presentes estatutos teñan ingresado con posterioridade na Federación.
- C) Os/as socios ou socias colaboradores** serán as persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa a súa actividade principal e a súa forma xurídica, que, aínda non tendo entre os seus fins principais a axuda ás persoas con Dano Cerebral Adquirido e ás súas familias, colaboran habitualmente coa Federación na consecución dos seus fins, e sempre e cando a súa actividade se aliñe e respecte a misión, visión e valores da Federación . A Federación poderá realizar captación de socios/as colaboradores/as para garantir a consecución dos seus fins. Estas

socias/os non formarán parte, en ningún caso, dos órganos que xestionan, gobernan ou representan á Federación.

- D) **Os/as socios/as de honra**, poderán ser persoas físicas ou xurídicas que ingresen na Federación a proposta dunha entidade numeraria en consideración á súa relevancia profesional, valores e/u accións destacadas no beneficio das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

## ARTIGO 9. INCORPORACIÓN DE ENTIDADES SOCIAS E PROCEDEMENTOS DE ADMISIÓN.

Para que unha entidade poida **ser socia** de número **da Federación** deberá de cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Coherencia da aspirante, tanto nos seus principios como na súa práctica, coa misión, visión e valores da Federación no ámbito do dano cerebral adquirido.
2. Presentación, se é o caso, da súa traxectoria no ámbito asociativo e certificación da mesma polo órgano correspondente da entidade.
3. Acreditación da entidade aspirante ante os organismos públicos e rexistros correspondentes.
4. Acreditación da entidade aspirante de ter una masa social mínima de 15 persoas asociadas con dano cerebral adquirido ou familiares.
5. Ser presentada e avalada por unha asociación, socia numeraria da Federación.

As asociacións que non reúnan algún ou algúns dos requisitos anteriormente enumerados, pero que teñan a vontade de incorporarse á Federación, poderán solicitar de dita Federación, a posibilidade de poder estar en período de adaptación. Durante o devandito período, que non poderá exceder de 2 anos, as asociacións aspirantes poderán obter da Federación información, asesoramento e apoio administrativo e técnico, ata que a entidade aspirante cumpra os requisitos mínimos para ingreso como numeraria.

A admisión **de entidades socias numerarias**, correspóndelle á Asemblea Xeral Extraordinaria a proposta da Xunta Directiva da Federación, unha vez presentada e recibida a documentación (que se detalla no regulamento de réxime interno). Para a admisión deberá producirse o voto favorable de polo menos dous terzos dos membros da Xunta Directiva e o acordo deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral por maioría de votos.

En caso de resolución desfavorable da Xunta Directiva, será a Asemblea Xeral a que tome a decisión, previo exame do informe emitido pola Xunta Directiva e das alegacións da entidade solicitante. Neste caso é preciso obter o voto favorable de, cando menos, dous terzos dos membros da Asemblea que estean presentes na reunión, previa comprobación de que exista quórum suficiente.

## ARTIGO 10. DEBERES DAS ENTIDADES SOCIAS DE NÚMERO.

- a) Cumprir cos estatutos da Federación, co Regulamento de Réxime Interno, Códigos Éticos e/ou acordos da Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- b) Notificar todos os cambios e/ou situacións que afecten á súa relación coa Federación.
- c) Actuar de forma coherente e acorde coa misión e visión da Federación, os seus valores, respectando e defendendo os dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.
- d) Colaborar diligentemente nas accións acordadas pola Federación.
- e) Asistir ás Asembleas Xerais.
- f) Satisfacer puntualmente as cotas fixadas pola Asemblea Xeral da Federación.
- g) Formar parte da Xunta Directiva ou de calquera outro órgano da Federación, en caso de que sexa elixida para elo.



- h) Gardar segredo e confidencialidade dos feitos e datos que se coñezan por razón da condición de membro de calquera dos órganos de goberno ou representación de FEGADACE, ou calquera das comisións ou servizos permanentes ou temporais que a Federación cree.
- i) Entregar á Federación a información técnica, económica ou de outra índole, aprobada polas Asembleas Xerais e/ou Xuntas Directivas cando fose requirida.

## ARTIGO 11. DEREITOS DAS ENTIDADES SOCIAS .

### Das entidades sociais fundadoras e de número:

- a) Asistir e participar nas Asembleas Xerais con voz e voto nas condicións que se determinan nos presentes estatutos e no regulamento de réxime interno.
- b) Elixir e ser elixible para formar parte dos órganos de goberno da Federación.
- c) Elevar propostas á Xunta Directiva e, en xeral, intervir no funcionamento da entidade segundo as súas normas internas.
- d) Utilizar a imaxe de FEGADACE nas condicións que se establezan.
- e) Participar nos programas, plans e iniciativas da Federación, nas condicións que se establezan polos seus órganos de goberno.
- f) Utilizar os servizos de apoio, asesoría ou consulta que a Federación teña dispostos en beneficio das entidades federadas.
- g) Recibir información sobre as actividades da Federación e aquelas outras que poidan ser de interese para o cumprimento dos fins das asociacións que integran a Federación.

### Das socias e socios colaboradoras e colaboradores, e de honra:

- a) Asistir e participar **con voz pero sen voto** nas Asembleas Xerais cando para iso sexan requiridas pola Asemblea, previa solicitude da Xunta Directiva.
- b) Utilizar a imaxe de FEGADACE nas condicións que se establezan.
- c) Colaborar e ser informados das memorias ou calquera outra publicación da Federación.
- d) Colaborar e participar nas accións e actividades da Federación nos termos que se establezan.

En xeral, as/os socias/os colaboradoras/es e de honra terán os mesmos dereitos que as/os numerarias/os, agás no referente ao dereito de participación nos órganos de dirección e xestión previstos, órganos dos que non poderán formar parte, e agás o voto nas decisións estratéxicas e corporativas

## ARTIGO 12. COTAS, NATUREZA E PAGAMENTO

As cotas serán das seguintes clases:

- Ordinaria anual, que será igual para todos os membros numerarios.
- Extraordinarias. Poderán establecerse cotas de derrama se as circunstancias o requiren, de forma extraordinaria, en función dos acordos que se adopten para determinadas situacións.

A fixación das contías de toda clase de cotas será fixada pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva.

A forma e prazos de pagamento destas cotas será desenvolvido no regulamento de réxime interno.

## ARTIGO 13. PERDA CONDICIÓ DE SOCIA/O.

Ademais das que, no seu caso, prevea a lexislación vixente, a condición de socia/o da Federación perderase por algunha das seguintes causas:

- a) Por **renuncia ou baixa voluntaria**. A decisión dunha Asociación/persoa membro de deixar de pertencer á Federación, debidamente adoptada polo seu órgano estatutariamente competente,

comunicarase de forma que quede constancia da súa vontade á Federación, e producirá efectos desde ese momento, extinguíndose os seus dereitos e deberes dos membros, excepto o de segredo, que se manterá, sen prexuízo das obrigas que nese momento existiran con FEGADACE.

- b) **Por separación forzosa/ expulsión:** A condición de membro tamén se perderá con consecuencia do acordo de expulsión que poña fin a un procedemento disciplinario tramitado de acordo co procedemento previsto nos Estatutos, por algunha das seguintes causas:
- Incumprimento do previsto nestes Estatutos ou as reiteradas escusas na aceptación das obrigas que se acorden polos órganos de goberno da Federación.
  - Incumprimento reiterado dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
  - Algún outro motivo grave, a xuízo da Xunta Directiva e con acordo da Asemblea Xeral para a resolución que proceda.

A baixa forzosa como membro da Federación, que só poderá producirse previa audiencia da entidade que se trate, terá efectos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral e levará aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de entidade membro.

- c) Falecemento, enfermidade ou outras razóns debidamente axustadas ao ordenamento xurídico, que imposibiliten a continuidade da súa participación na Federación.

### **CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, DE ADMINISTRACIÓN E ASESORAMENTO**

#### **ARTIGO 14. ENUMERACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO**

Serán órganos da Federación os seguintes:

**De Goberno e Representación:**

- Asemblea Xeral.

**De Goberno e Xestión:**

- Xunta Directiva.

**Comisión Permanente**

- Presidencia e Secretaría

**Comisións Delegadas**

#### ***Sección 1ª. Asemblea Xeral***

#### **ARTIGO 15. CARÁCTER E COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA XERAL.**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo e de decisión da Federación e estará integrada por:

- Presidencias ou representantes das mesmas, debidamente acreditadas con voz e voto de cada unha das Asociacións membro de número.
- Todas as persoas compoñentes da Xunta Directiva da Federación. O/a Presidente/a e Secretario/a da mesma exercerán tamén como tal nas reunións de Asemblea Xeral
- Un/ha delegado/a pertencente a cada un/ha dos/as membros colaboradores/as da Federación, se os houbera.

#### **ARTIGO 16. PARTICIPACIÓN, REUNIÓN S DA ASEMBLEA XERAL.**

Cada asociación membro de número terá un voto na Asemblea Xeral. O dereito a voto exercerase na Asemblea mediante a/o representante de cada Asociación membro ou, no seu defecto, polo delegado/a



que tivera sido designado/a por elas mesmas. As demais entidades membro (non numerarias) que puideran ser autorizadas a asistir á Asemblea, poderán participar nas deliberacións con voz, pero sen voto.

As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias. As ordinarias celebraranse una vez ó ano dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio previo natural. As extraordinarias celebraranse cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a petición dun número de socias non inferior a unha terceira parte do número total dos socios de número da Federación.

## **ARTIGO 17 . FUNCÍONS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

- a) Examinar e Aprobar a memoria de actividades e de contas do exercicio anterior.
- b) Examinar e Aprobar a planificación operativa e a planificación económica anual de cada exercicio.
- c) Examinar e Aprobar a planificación estratéxica plurianual da Federación.
- d) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en relación coas actividades da Federación, que non estean previamente contempladas nas planificacións operativas e/ou estratéxicas aprobadas.
- e) Fixar as cotas ordinarias e/ou extraordinarias dos socios membros da Federación.
- f) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva doutros órganos da Federación.

## **ARTIGO 18. CORRESPONDE Á ASEMBLEA EXTRAORDINARIA.**

- a) Creación, nomeamento e cesamento da Xunta Directiva e os seus membros.
- b) Aprobar as modificación de estatutos.
- c) Aprobación e modificación do Regulamento de Réxime Interno
- d) Disolución da Federación.
- e) Aceptación e expulsión de socios, por proposta da Xunta Directiva
- f) Constitución ou integración en Confederacións ou outros organismos de representación.
- g) Disposición de bens inmobles (comprar, vender, permutar, e por calquera título, adquirir toda a clase de bens inmobles, estipular o prezo e condicións, así como a forma de pago).
- h) Os que sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a federación.
- i) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria.

### ***Sección 2ª. A Xunta Directiva.***

## **ARTIGO 19. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA.**

A Federación será xestionada e representada por unha **Xunta Directiva** formada por un número mínimo de membros igual ao número de entidades socias numerarias. O número máximo de membros será de 2 por entidade numeraria e determinarase, no seu caso, regulamentariamente tendo en conta que deberá respectarse sempre que o número de membros que designe cada asociación sexa idéntico. De entre os novos membros da Xunta Directiva elixirase: unha Presidencia, unha Vicepresidencia, unha Secretaría, unha persoa Tesoureira, tendo os demais compoñentes a condición de Vogais. Todos os compoñentes deberán ser obrigatoriamente, no momento do seu nomeamento, membros en activo das Xuntas Directivas das asociacións federadas.

Todos os cargos que compoñen a **Xunta Directiva** serán gratuítos e non remunerados sen prexuízo do dereito dos mesmos a percibir as correspondentes indemnizacións por razón de servizo na contía que se determine normativamente.

## **ARTIGO 20. NOMEAMENTO E CESE DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.**

Os membros da Xunta Directiva serán nomeados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria. O seu mandato terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos, todos ou en parte, para dous mandatos consecutivos mais. Se durante a vixencia do mandato algún membro da Xunta Directiva da Federación causase baixa na Xunta Directiva da súa entidade, deberá poñer o cargo a disposición da súa asociación, debendo escoller esta no prazo dun mes a un substituto ou substituta, que proceda da mesma entidade numeraria. Deberá de constar en acta de Asemblea Extraordinaria o cambio de persoa que causou baixa pola nova incorporación.

Os cargos poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas, e/ou por expiración do mandato.

## **ARTIGO 21. RENOVACIÓN DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA.**

Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o cal foron escollidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan. No caso das eleccións para a renovación da Xunta Directiva, o voto será segredo, introducándose nunha urna ou similar, sendo o/a Secretario/a responsable de ter actualizada e verificada a listaxe correspondente. Na mesma Asemblea levarase a cabo o recuento polo/a Secretario/a quen levantará acta do resultado.

## **ARTIGO 22. REUNIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS NA XUNTA DIRECTIVA.**

A Xunta Directiva reunirse sempre que a convoque a Presidencia ou o solicite un terzo dos seus membros; en calquera caso, deberá reunirse polo menos dúas veces ao ano. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros, e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da Presidencia será de calidade. Todos os seus acordos quedarán reflectidos na acta correspondente, redactada e autorizada pola Secretaría, co visto e prace da Presidencia.

## **ARTIGO 23. FUNCÍONS E DEREITOS DA XUNTA DIRECTIVA**

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Federación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares desta Xunta Directiva:

- a) Dirixir e administrar a Federación.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais.
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Memoria do exercicio finalizado, a Programación Operativa Anual e a Planificación Económica de cada exercicio.
- e) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Planificación Estratéxica plurianual.
- f) Informar sobre a solicitude de admisión de novos membros.
- g) Nomear persoas delegadas e supervisar a súa actuación para as actividades ou funcións que expresamente se determinen.
- h) Aprobar as actas das sesións da Xunta Directiva.
- i) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral ou de outros órganos.
- j) A Xunta Directiva, como representante da Federación, exerce todos os actos de administración e

xestión, e exercita ante toda clase de Autoridades, Organismos, Corporacións e Tribunais os dereitos que á Federación lle corresponda.

En representación da Federación, corresponde á Xunta Directiva a atribución suficiente para a realización dos seguintes actos de disposición:

- a) Abrir, seguir, modificar, prorrogar e extinguir contas correntes ordinarias, á vista ou a prazos ou imposicións de toda especie, contas de crédito e préstamos; ingresar, extraer e mover diñeiro destas contas, asinando ao efecto todos os documentos necesarios.
- b) Librar, pagar, aceptar, intervir, negociar, descontar e protestar letras de cambio e demais documentos da índole.
- c) Xestionar e obter avais e fianzas.
- d) Todos os actos de disposición de fondos son autorizados por dúas sinaturas mancomunadas das tres sinaturas autorizadas: Presidente/a, Vicepresidente/a, podendo ser requirida a de Secretario/a e Tesoureiro/a.

Por outra banda, os membros da xunta directiva terán os seguintes dereitos:

- a) Recibir a convocatoria das sesións coa antelación que se estableza.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ó voto e formular voto particular así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- f) Aqueles outros que se lle poidan atribuír por acordo da Xunta Directiva ou no regulamento de réxime interior.

#### **ARTIGO 24. COMISIÓN PERMANENTE E COMISIÓN DELEGADAS.**

A Comisión Permanente da Xunta Directiva estará integrada pola Presidencia e a Secretaría. Dita comisión actuará nos supostos de urxencia nos casos nos que non sexa posible a convocatoria de todos os membros coa antelación debida. Regulamentariamente estableceranse as súas competencias e a validación pola Xunta Directiva das súas decisións.

A Xunta Directiva poderá crear as comisións delegadas para cuestións específicas que lle parezan necesarias e que serán acordadas en cada momento. A súa composición e o nomeamento dos seus compoñentes será determinada pola Xunta Directiva e reflectida na correspondente acta.

#### **ARTIGO 25. FUNCIÓNS DA PRESIDENCIA.**

- a) Representar legalmente a Federación perante todo tipo de persoas, organismos públicos e privados.
- b) Acordar a convocatoria da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como fixar a orde do día das reunións de ambos órganos tendo en conta, no seu caso, os pedimentos dos demais membros, sempre que se formulasen coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, ós efectos da adopción de acordos.
- e) Visar as actas e as certificacións dos acordos.
- f) Propór á Xunta Directiva a constitución de comisións para o estudo dun asunto concreto.
- g) Someter á deliberación da Asemblea Xeral aqueles asuntos que sendo obxecto de estudo pola Xunta Directiva se considere que requiren tal acordo.
- h) Facer cumprir os acordos adoptados pola Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.
- i) Ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.

- j) Adoptar medidas con carácter urgente en caso de ausencia de resposta ou consenso de xunta directiva nos prazos estipulados, que a boa marcha da Federación aconselle, ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- k) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de Presidente.
- l) Velar polo cumprimento do Sistema de Xestión da Calidade implantado en FEGADACE, aprobando a súa política de calidade, establecendo un programa de obxectivos anual e cumprindo as responsabilidades asociadas ao mesmo nos procesos definidos internamente.

#### **ARTIGO 26. FUNCÍONS DA VICEPRESIDENCIA.**

- a) Substituír ao presidente ou presidenta na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa; terá as mesmas funcións que tivera encomendadas a Presidencia.
- b) Desenvolver cantas función delegue nela expresamente a Presidencia.

#### **ARTIGO 27. FUNCÍONS DA SECRETARÍA.**

- a) Dirixir os traballos puramente administrativos da Federación.
- b) Efectuar a convocatoria da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral por orde da Presidencia.
- c) Expedir certificados que sexan necesarios.
- d) Manter ao día os libros que estean legalmente establecidos e o ficheiro de asociados.
- e) Custodiar a documentación da entidade.
- f) Facer que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais rexistrables nos rexistros correspondentes e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.
- g) Redactar e autorizar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- h) Cumprir as responsabilidades asociadas ao Sistema de Xestión da Calidade implantado en FEGADACE e traslado da información pertinente relativa ao sistema á Xunta directiva e os socios.
- i) Cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición.

A designación, cese, así como a substitución temporal do Secretario nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizaranse por acordo da Xunta Directiva.

#### **ARTIGO 28. FUNCÍONS DA TESOURARÍA.**

- a) Custodiar os fondos da Federación e levar os documentos contables necesarios e/ou obrigatorios.
- b) Levar os libros correspondentes ás operacións de Tesourería.
- c) Preparar as contas de liquidación dos orzamentos e os balances de situación, así como os proxectos de presupostos anuais, e expoñelos perante a Asemblea Xeral.
- d) Realizar os cobramentos e pagamentos que correspondan.
- e) Xustificar as axudas recibidas de calquera organismo da administración.

#### **ARTIGO 29. FUNCÍONS DAS VOGALÍAS.**

As vogalías terán as obrigas do seu cargo como membros da Xunta Directiva, que constan de realizar programas e propostas na súa área de actuación, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta Directiva lles encomende.

## **ARTIGO 30. SERVIZOS TÉCNICOS**

Co fin de conseguir a máxima eficacia e eficiencia nas funcións e obxectivos da Federación, a Xunta Directiva pode establecer unha estrutura técnica e administrativa adecuada, servida por profesionais que actúen dentro do marco da política da Federación e dos seus criterios básicos e con suxeición ás normas emanadas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva. A configuración, organigrama e competencias de cada membro de equipo técnico, liderado por un/unha Director/a, recollerase detalladamente no Regulamento de Réxime Interno.

### *Sección 3ª. Cuestións Comúns dos Órganos de Goberno*

## **ARTIGO 31. ACTAS.**

- a) De cada sesión que se celebre pola Asemblea (ordinaria ou extraordinaria) ou/e pola Xunta Directiva, levantarase acta pola Secretaría, que especificará necesariamente os asistentes, o orde do día, lugar e tempo, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
- b) Poderán gravarse as sesións e o ficheiro resultante da gravación e os documentos en soporte electrónico que se utilizasen na sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.
- c) A acta de cada sesión poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A acta elabórase a Secretaría co visto e prace da Presidencia e remitírase por medios electrónicos ós membros.

## **ARTIGO 32. SINATURA.**

Os compoñentes dos órganos previstos nestes estatutos poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

## **ARTIGO 33. QUÓRUM E MAIORIAS.**

- a) A válida constitución dos órganos colexiados previstos nos estatutos, requirirá, ós efectos da celebración das sesións e adopción de acordos, a presenza persoal ou telemática de a metade máis un dos seus membros, entre os cales deberá figurar o/a presidente/a e o/a secretario/a ou aqueles que os substitúan.
- b) Os acordos serán adoptados por maioría de votos agás cando os estatutos esixen unha maioría absoluta ou cualificada para un acordo en concreto.
- c) Aqueles que voten en contra ou se absteñan quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, puidera derivarse do acordo.

## **ARTIGO 34. DÚBIDAS DE APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN**

As dúbidas ou discrepancias sobre a aplicación e interpretación das normas estatutarias serán resoltas por un comité de composición paritaria designado pola Asemblea Xeral, sen prexuízo do procedemento de arbitraje e da competencia dos órganos xurisdicionais.

## **CAPÍTULO IV. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

### **ARTIGO 35. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

Existirá un Regulamento de Réxime Interno que complementa e desenvolve todas aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Federación, ademais, estará sometido ao ordenamento xurídico vixente.

## **CAPÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO, CONTABLE E DE DOCUMENTACIÓN.**

### **ARTIGO 36. RECURSOS ECONÓMICOS PREVISTOS**

A Federación é unha entidade sen ánimo de lucro. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Os recursos económicos e patrimoniais previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Federación serán os seguintes:

- a) As cotas das entidades sociais, periódicas ou extraordinarias, que se fixarán en Asemblea Xeral, que en ningún caso serán reintegrables. Diferenciaranse segundo a tipoloxía dos socios e socias e dependendo de se son persoas xurídicas ou físicas.
- b) As subvencións ou doazóns que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- c) Legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte de institucións ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento de actividades e servizos especializados da Federación.
- e) Os bens propios, mobles e inmobles.
- f) Calquera outro recurso lícito.

### **ARTIGO 37. PATRIMONIO FUNDACIONAL E ORZAMENTO**

A Federación no momento da súa constitución carece de patrimonio fundacional.

Dentro do primeiro trimestre de cada ano, formalizarase un estado de contas de ingresos e gastos do exercicio anteriores, pechado a 31 de decembro, que se someterá á Asemblea Xeral Ordinaria.

Na mesma sesión da Asemblea Xeral será presentado, para a súa discusión e aprobación, se procede, o orzamento anual con partidas diferenciadas de ingresos e gastos, para o exercicio seguinte.

### **ARTIGO 38. OBRIGAS DOCUMENTAIS E CONTABLES**

A Federación disporá dunha relación actualizada de entidades sociais. Así mesmo levará unha contabilidade na cal quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.



Nun libro (ou carpeta electrónica) de actas figurarán as correspondentes ás reunións que celebran os órganos de goberno e representación da Federación.

## **CAPÍTULO VI. MECANISMOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.**

### **ARTIGO 39. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

Para a resolución de conflitos que poidan xurdir entre a Federación e os seus socios, así coma a impugnación dos acordos tomados pola mesma, deberá de acudirse a vía do arbitraje de dereito conforme a Lei 60/2003 de Arbitraje, do 23 Decembro do 2003; exceptuándose todos aqueles casos nos que a Lei esixe acudir a vía Xurisdiccional.

## **CAPÍTULO VII. DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN.**

### **ARTIGO 40. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou a cuarta parte das entidades asociadas.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para a súa aprobación terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde do día e estará acompañada do textos coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera entidade socia poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea, e serán postas a disposición das entidades asociadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

A modificación dos Estatutos aprobarase por maioría cualificada de 2/3 das entidades membro.

### **ARTIGO 41. DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN**

A Federación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade das persoas ou entidades sociais, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, por unha maioría do 75% das/os asociadas/os con dereito a voto
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Por sentenza xudicial

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria nomeará unha comisión liquidadora, integrada como mínimo pola presidencia, a secretaría e a tesourería, que, unha vez extinguidas as débedas, destinará o sobranse líquido, se existe, a entidades non lucrativas que persigan análogos fins aos da Federación disolvida. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

## DILIXENCIA:

D. Luciano Fernández Pintor, presidente, e Dna. Laura Abeledo Lameiro, secretaria da entidade, Federación Galega de Dano Cerebral, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 2 de xullo de 2022, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos,.

En Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2022

Asinado

**FEGADACE**  
Luciano Fernández Pintor  
Presidente

Laura Abeledo Lameiro  
Secretaria

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL }